

ACTA DA TRIXÉSIMO TERCERA REUNIÓN (EXTRAORDINARIA) DA XUNTA REITORA DO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN LUGO. -

Acta número 33

ASISTEN:

- **Don Álvaro Santos Ramos**, deputado delegado de Promoción Económica e Social da. Deputación Provincial de Lugo, e presidente da Xunta Reitora..
- **Dona Lara Méndez López**, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo, e vicepresidenta da Xunta Reitora.
- **Dona Ana Belén Traseira Pena**, na súa condición de directora do Centro Asociado á UNED en Lugo e asumindo a delegación do voto de don Ricardo Mairal Usón, reitor magnífico da UNED, e asumindo a delegación do voto do vicerreitor de Centros, don Jesús de Andrés Sanz, da Secretaría Xeral da UNED, de don Javier González González, representante de estudantes do Centro Asociado á UNED en Lugo e de dona Reyes Rodríguez Rodríguez, representante de profesores-titores do Centro Asociado á UNED en Lugo
- **Don José Alberto Díez de Castro**, secretario xeral de Universidades da Consellería de Educación da Xunta de Galicia
- **Don Carlos García Rodríguez**, representante do Persoal de Administración e Servizos do Centro Asociado á UNED en Lugo
- **Don Alejandro Prieto Mazaira**, na súa condición de secretario da Xunta Reitora e de secretario do Centro Asociado á UNED en Lugo

No edificio do antigo Hotel Miño, - sito na rúa Tolda de Castela, 4B da cidade de Lugo-, sendo as 16:05 horas do día 18 de decembro de 2018, dá comezo (en convocatoria única e extraordinaria) - a reunión da Xunta Reitora do Centro Asociado á UNED en Lugo, tras orde de convocatoria formulada polo Presidente da Xunta Reitora, coa seguinte

Orde do Día:

1. Informe da directora.
2. Aprobación, no seu caso, do Orzamento de ingresos e gastos do Exercicio 2019 e das Normas de Execución Orzamentaria para o exercicio 2019.
3. Apertura dun perfil de contratante na plataforma de contratación do sector público.
4. Propostas e preguntas.

1.- Informe da directora.

Toma a palabra dona Ana Belén Traseira Pena, directora do Centro Asociado á UNED en Lugo, que comeza informando os membros da Xunta Reitora das eleccións a reitor celebradas recentemente na UNED, que deron como resultado a elección e o posterior nomeamento do Reitor Magnífico da UNED, Don Ricardo Mairal Usón. Dona Ana aproveita para felicitar ao novo reitor.

A continuación, a señora Traseira aproveita para felicitar tamén ao persoal da Secretaría do centro polo traballo realizado na campaña de matrícula, en diversos campos como a publicidade e a difusión. E explica aos membros da Xunta que non só se cumpriu o obxectivo marcado de non perder por encima do 7% de matrícula, senón que se incrementou nun 2%

Toma a palabra a señora alcaldesa para preguntar en base a que criterio fíxase o citado obxectivo de non perder matrícula por encima do 7%. Ao que responde a señora Traseira explicando que se estableceu tendo en conta a situación xeral de matrícula actualmente no sector universitario, que segue unha tendencia á baixa.

Neste punto intervén tamén o señor Díez de Castro, para engadir que na universidade estamos no décimo oitavo ano de descenso da matrícula.

Segue despois dona Ana, engadindo que se fixaron obxectivos similares en canto á matrícula do CUID e da UNED Senior, pero que tamén creceu o número de matriculados. No CUID, ademais, ábrese un segundo prazo de matrícula e xa aumentou o número de alumnos matriculados en relación ao curso pasado. E na UNED Senior tamén creceu o número de estudantes matriculados (93 estudantes só no primeiro semestre). Mentres, en materia de Extensión Universitaria, continúa a señora Traseira, o obxectivo era manter a calidade e o número de actividades que se celebran. E aínda estando a principios de curso, a cifra de estudantes matriculados, uns 400 en 19 cursos de Extensión, é moi positiva. A valoración das actividades é moi boa, pero está pendente a realización e publicación das enquisas respectivas.



Seguidamente, pasa a señora directora a comentar cuestións de Calidade, informando os membros da Xunta de que o 9 de novembro tivo lugar a auditoría para renovación a certificación de nivel II SGICG-CA da cátedra de calidade da UNED de Tudela, auditoría de mantemento realizada satisfactoriamente, polo que se espera a renovación sen problemas da devandita certificación.

Outro obxectivo fixado en materia de calidade, continúa a señora Traseira, é o incremento do número de usuarios das redes sociais, e atendendo aos últimos datos, pódese ver que xa estamos a aumentar en todas as plataformas. Tamén se está traballando en aumentar o número de usuarios nas redes sociais do proxecto Lugo Cultura Dixital, xa se conseguiu duplicar este número e tratarase de multiplicar por dez como se nos solicitou.

En canto ao equilibrio orzamentario, comenta a continuación dona Ana, estamos pendentes da liquidación do exercicio, pero, efectivamente, está a gastarse o que estaba orzado con total normalidade.

Mentres que, en relación ao absentismo tutorial, prosegue dona Ana, a coordinación académica está a traballar duramente nesta cuestión, esta mesma mañá enviouse un recordatorio aos titores do número máximo de faltas que poden ter e informar das que levan acumuladas até o momento, como aviso para indicarlles que, aínda que todas recupéranse, deben realizarse o menor número de cambios ou alteracións posible, en aras de proporcionarlles un servizo de calidade maior aos estudantes.

Sobre a cuestión das sinerxías, explica seguidamente dona Ana aos membros da Xunta Reitora, que recentemente se asinou un convenio coa Asociación Española de Gardas Civís e que proximamente se asinará outro co Sindicato Unificado da Policía. Convenios que, aclara a señora Traseira, establecen sinerxías moi interesantes en materia de Extensión Universitaria xa que estas asociacións propoñen actividades de interese para os estudantes e para o seu colectivo de asociados. A cambio dunha redución no prezo da matrícula das citadas actividades aos seus asociados, estas asociacións encárganse de difundilas a todos os asociados. Así mesmo, comenta a directora, é posible tamén que xurda outra sinerxía, proximamente, coa asociación Si hai saída.

Finalmente, termina a señora Traseira, comentando que, á parte do incremento de matrícula, outro aspecto positivo que hai que destacar é o incremento da presenza dos estudantes nas instalacións do centro e nas actividades académicas que se espera véxase reflectido nos resultados das probas presenciais de xaneiro e febreiro. Lembra tamén, para finalizar este informe, que a data da convocatoria de prazas de Venia Docendi, aprobadas na anterior reunión da Xunta Reitora, será o próximo 15 de febreiro de 2019.

Tras conceder uns minutos para cuestións e dúbidas que poidan xurdir, o presidente dá paso ao seguinte punto.

2.- Aprobación, no seu caso, do Orzamento de ingresos e gastos do Exercicio 2019 e das Normas de Execución Orzamentaria para o exercicio 2019.

Toma a palabra a señora directora para presentar o Orzamento de ingresos e gastos do Exercicio 2019 (**Anexo I**), que se pon impreso a disposición dos presentes. As cifras do citado documento, comeza explicando a señora Traseira aos membros da Xunta Reitora, variaron pouco con respecto ao orzamento do exercicio 18. En materia de prezos públicos, incrementouse un pouco a estimación da cantidade que se percibirá polas matrículas dos alumnos das actividades de extensión universitaria. Estimáronse en 30.000 euros os ingresos que se percibirán neste capítulo, aínda que é posible que a cantidade sexa maior, se se manteñen cifras similares ás do exercicio anterior. Os gastos previstos, derivados das actividades de extensión, prevese que sexan duns 22.000 euros. En definitiva, a actividade de Extensión Universitaria do Centro Asociado xerará uns ingresos netos duns 15.000 euros, que paliarán a redución, non de matrícula, pero si de ingresos por matrícula, procedentes da Sede Central.

Así mesmo, continúa expondo a señora directora, os ingresos procedentes da Sede Central (*Ordinaria*), prevese que serán similares aos do exercicio anterior. En canto aos ingresos extraordinarios procedentes da mesma Sede, son ingresos que se reciben como consecuencia da liquidación do CUID e para financiar as coordinacións que se propoñen desde a citada Sede Central. Da Consellería de Educación espérase unha cantidade semellante á do exercicio 2018, aínda que está pendente realizar o cálculo anual en base a datos de matrícula de Extensión Universitaria que se facilitan no principio do ano á Consellería, para que esta informe aos centros galegos da cantidade que corresponde a

cada un deles. En relación ás achegas da Deputación e o Concello de Lugo, segue a señora Traseira, as cifras son similares ás do exercicio anterior, aquí dona Ana fai a seguinte proposta: a aplicación segundo estatutos do incremento do IPC para os próximos exercicios na cantidade achegada polo Concello de Lugo. Incremento que se aplica, por exemplo, ás nóminas dos traballadores do Centro e á achega da Deputación de Lugo.

Atendendo á citada proposta da señora directora, intervén a señora alcaldesa, dona Lara Méndez, para propor a elaboración dun escrito no que se solicite o ter en conta a subida do IPC na elaboración dos novos orzamentos e fágase chegar ao Concello.

Ao que a señora Traseira contesta que toma nota e que así se fará.

Entra a continuación, a señora directora, en materia de gastos, comentando que as cantidades son máis ou menos as que había en exercicios anteriores e sinalando que o que a cantidade que figura no capítulo devolución de depósitos correspóndese coa cantidade que é necesario reintegrar á Deputación de Lugo a consecuencia do financiamento das obras da nova Sede. Tamén, continúa dona Ana, esta cantidade está pendente da aprobación da 3ª addenda ao convenio do edificio, a Deputación de Lugo xa a aprobou, pero na Sede Central da UNED atrasouse a súa aprobación polo nomeamento do novo reitor, actualmente existe un contacto fluído coa Universidade para que se axilice, na medida do posible, este trámite. No Concello, tamén, aprobouse a 3ª addenda, pero existían erros que foron modificados a posteriori na Deputación, polo que a señora Traseira está tamén en contacto co Concello de Lugo para a aprobación da citada addenda coas últimas modificacións introducidas. A señora Traseira solicita á señora Méndez polo estado deste trámite no Concello de Lugo.

Toma a palabra a señora Méndez para contestar á petición da señora Traseira. A señora alcaldesa afirma que ela lembra asinar recentemente unha addenda, polo que debe de tratarse da mencionada cos cambios que nomeamos.

Aclarada a cuestión, pasa a señora Traseira a falar sobre o concepto de bolsas, explica que se corresponde coa cantidade destinada ao pago aos titores do centro e, neste exercicio, é un importe similar á cifra orzada no exercicio anterior. Continúa seguidamente, comentando as novidades en materia de gastos, unha destas novidades é a partida

destinada á formación e perfeccionamento do persoal. Esta partida, explica, estaba incluída pero non detallada, por indicacións da intervención territorial da IGAE houbo que diferenciala. O mesmo ocorre coa partida 213, a 22100, a 22103, a 22200 e a 22700; estas partidas estaban englobadas na de subministracións e, por recomendación da IGAE, creouse unha partida para cada unha, tal e como figura no Plan Xeral Contable. Con iso, o centro axústase aos criterios da IGAE.. E en canto á 22706, Estudos e traballos técnicos. Profesionais indep, segue a señora directora, incluían os traballos que se realizaban do proxecto de Lugo Cultura Dixital, que antes se integraban no capítulo de persoal e agora houbo que separalos seguindo, tamén, recomendacións da IGAE.. Mentres, o capítulo de traballos realizados por outras empresas correspondería a Prevención de riscos. Así mesmo, tamén se separaron polos mesmos motivos, as partidas destinadas ás dietas do persoal en dous: Dietas do persoal directivo e Dietas do persoal non directivo.

Pasa a continuación a señora Traseira a comentar as partidas das Aulas, explica que non houbo cambios con respecto ao exercicio anterior. No caso de Monforte, hai un incremento do IPC aos traballadores, o que supón realizar un pequeno axuste doutros conceptos como as contías de libros de biblioteca e transportes para poder compensar esta subida. Cuestión que foi tratada xa co señor alcalde de Monforte, aclara dona Ana, e, en principio, leste manifestou a súa conformidade.

Terminando xa este punto da orde do día, a señora directora aproveita para dedicar unhas palabras ás normas de execución orzamentaria, que, explica, son as mesmas que as do exercicio pasado pero adaptadas a 2019. Unhas normas que non son de creación propia, aclara, senón que proceden dun documento elaborado pola Sede Central e que se entregou como recomendación aos centros asociados. E con este apartado, termina a señora Traseira coa desagregación orzamentaria.

Non habendo preguntas nin cuestións, o presidente propón a súa aprobación e a Xunta Reitora acorda, por unanimidade, a aprobación do Orzamento de ingresos e gastos do Exercicio 2019 e das Normas de Execución Orzamentaria para o exercicio 2019

3.- Apertura dun perfil de contratante na plataforma de contratación do sector público.

Toma a palabra a señora Traseira, que comeza explicando que, seguindo tamén indicacións do informe de auditoría da Intervención Territorial da IGAE., solicítase autorización para a apertura dun perfil de contratante do Consorcio na plataforma de contratación do sector público. E sinala que, de momento, son poucos os centros da UNED que abriron xa o citado perfil.

Toma a palabra a señora Méndez para preguntar a que sector vai orientado principalmente o citado perfil, se é ao de subministracións. E a señora Traseira contéstalle afirmativamente, que, en efecto, está dirixido a subministracións e limpeza basicamente. Aclara que, a intervención da IGAE considera que, cando se prolonga máis dun ano un contrato de servizos por parte dun terceiro, deberá de realizarse a contratación de acordo á Lei de Contratos do Sector Público.

Intervén neste punto o señor García para preguntar cando está prevista a visita da intervención da IGAE.

Intervén, novamente, a señora Traseira para responder ao señor García que o descoñece, pero que, o máis probable, é que se produza no principio do ano, en xaneiro ou febreiro.

Tras conceder uns minutos para cuestións e dúbidas que poidan xurdir, autorízase a apertura dun perfil de contratante na plataforma de contratación do sector público e o presidente dá paso ao seguinte punto.



4.- Propostas e preguntas

Non habendo propostas nin preguntas por parte dos membros da Xunta Reitora, o presidente aproveita para desexar felices festas a todos e levanta a sesión, sendo o catro e vinte e nove minutos do día arriba apuntado, de todo o que eu, secretario, dou fe e certifico.

Vº. Bº.

O Presidente da Xunta Reitora

O Secretario

ANEXO I:
NORMAS DE EJECUCIÓN
PRESUPUESTARIA Y PRESUPUESTO 2019



2.1 NORMAS DE EJECUCIÓN PRESUPUESTARIA

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS GENERALES

Art. 1. Créditos iniciales y contenido.

- 1.1. El crédito inicial de gastos del presupuesto del Consorcio del Centro Asociado a la UNED en Lugo importe de 933.301,82 € y se financiará con los derechos económicos a liquidar en el ejercicio, estimados en igual cuantía.
- 1.2. El presupuesto será público y deberá contener, con la debida especificación, la totalidad de los gastos máximos a realizar en el período, así como las previsiones de ingresos, conforme a los derechos económicos, que se estimen liquidar en el ejercicio.

Art. 2. Vigencia y prórroga del presupuesto.

El ejercicio presupuestario coincidirá con el año natural. Si antes del primer día del ejercicio no se aprobara el presupuesto se aplicarán hasta la aprobación y publicación del nuevo presupuesto las normas y créditos iniciales previstos en el presupuesto del ejercicio anterior.

Art. 3. Normas de aplicación.

La estructura y ejecución presupuestaria se ajustarán a estas normas y a las que se contienen en los Estatutos del Consorcio, a la Ley Orgánica de Universidades y Estatutos de la UNED y al amparo de la normativa que sobre el régimen económico y financiero público se contienen en la legislación vigente y normas de desarrollo que sean de aplicación.

CAPÍTULO II. CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS Y SUS MODIFICACIONES.

Art. 4. Vinculación.

- 4.1. Los créditos para gastos se destinaran a la finalidad prevista y por cuantía igual o inferior al importe consignado y conforme a la vinculación por capítulos, artículos y conceptos que se establecen en estos presupuestos.
- 4.2. La vinculación de los créditos se establece a nivel de artículo, excepto los créditos destinado a "incentivos al rendimiento" en los gastos de personal y de representación, "atenciones protocolarias y representativas", que lo serán a nivel de concepto.

Art. 5. Modificaciones de crédito.

Cuando haya de realizarse un gasto sin que exista crédito presupuestario suficiente, debe tramitarse un expediente de modificación, mediante propuesta razonada de la Dirección del Centro, conforme a la naturaleza o modalidad que corresponda según los artículos siguientes.

Art. 6. Crédito extraordinario y suplemento de crédito.

Cuando haya de realizarse un gasto que no pueda demorarse hasta el año siguiente y no exista crédito o no sea suficiente ni ampliable el consignado, el Director, con conocimiento de la Junta Rectora, podrá acordar la correspondiente modificación presupuestaria hasta un importe de 60.000 euros. Si superara esta cifra, el acuerdo corresponderá a la Junta Rectora.

Art. 7. Transferencias de crédito.



Cuando haya de realizarse un gasto aplicable a una partida cuyo crédito sea insuficiente y resulte posible minorar el crédito de otras partidas, podrá el director acordar las transferencias de crédito correspondientes, salvo las que afecten a gastos de capital que serán acordadas por la Junta Rectora.

Art. 8. Generación de crédito por ingresos.

Los excesos de ingresos podrán incrementar los créditos en las partidas de gastos del presupuesto, que salvo afectación específica, corresponderán:

GASTO	ampliable con	INGRESO
Capítulo II y VI Capítulo II y VI Capítulos VI		Transferencias corrientes Aportaciones de entidades privadas Transferencias de capital

Art. 9. Gastos de carácter plurianual e incorporación de remanentes de crédito.

Podrán adquirirse compromisos de gastos que por su finalidad hayan de extenderse a ejercicios posteriores; no obstante, deberán autorizarse y dar cuenta o relación de los mismos por el Director a la Junta Rectora.

Para la incorporación al presupuesto del ejercicio siguiente de los remanentes de crédito que se hayan producido en la liquidación del presupuesto, se procederá de igual manera y de conformidad con la normativa vigente.

CAPÍTULO III. GESTIÓN PRESUPUESTARIA.

Art. 10. Competencias.

La autorización del gasto y ordenación de pagos corresponden al Director, no obstante,

- a) La Junta Rectora, deberá aprobar aquellos gastos que supongan contratación de obras, servicios o suministros cuyo valor sea superior a 60.000 euros y los derivados de la contratación de personal fijo o permanente, sin cuya previa aprobación no podrán efectuarse los correspondientes contratos.
- b) Podrá delegar en el Secretario del Centro la autorización de gastos y pagos menores, cuya cifra no sea superior a 3.000 euros.

Art. 11. Derechos y obligaciones.

Los derechos y obligaciones que genere el Centro Asociado darán lugar a los correspondientes flujos de ingresos y pagos del mismo que se realizarán a través de las cuentas corrientes autorizadas. La gestión recaudatoria y la tramitación de gastos y pagos se llevará a cabo por el Director del Centro conforme a estas normas de ejecución y aquellas otras que sean de aplicación general.

Art. 12. Tesorería.

- 12.1. Integran la tesorería del Centro la totalidad de sus recursos financieros, tengan carácter presupuestario o no presupuestario, y se regirán por el principio de caja única. La Tesorería llevará registros de todas las cuentas bancarias que sean de titularidad del Centro. Estas cuentas tendrán necesariamente carácter restringido.



- 12.2. Asimismo, la tesorería realizará el pago material a los acreedores o perceptores a favor de quienes se expidan las correspondientes órdenes de pago, mediante transferencia bancaria o cheque nominativo. Las retribuciones del personal se harán por transferencia.
- 12.3. Podrán expedirse órdenes de pago a justificar o provisiones de fondos conforme a las normas establecidas y en cuantía no superior a 3.000 euros. La Tesorería exigirá la justificación de los fondos librados con este carácter a los perceptores de los mismos, dentro de los dos meses siguientes a su libramiento.

Art. 13. Contabilidad.

- 13.1. Los ingresos y pagos se contabilizarán de acuerdo con los principios y normas contables públicas en el momento de su devengo; si no se conociera la aplicación que deba darse a un determinado ingreso o pago se contabilizarán como pendientes de aplicación.
- 13.2. Los servicios de administración del Centro se responsabilizarán de que no exista ningún cobro o cargo en cuentas bancarias pendientes de registro contable.

Art. 14. Contratos.

- 14.1. La ejecución de obras, suministros o servicios requerirán la formación previa de un expediente de contratación pública que garantice los principios de publicidad, concurrencia en la oferta y fije en los correspondientes pliegos, requisitos y condiciones para la licitación y adjudicación del contrato, con las condiciones previstas en las formas de contratación pública.
- 14.2. En los contratos nuevos de suministros, obras o servicios podrán sustituirse los pliegos por una propuesta de actuación razonada con las condiciones a que se someta el contrato.
- 14.3. En las adquisiciones de contratos nuevos de suministros, hará las veces de documento contractual la factura con los requisitos previstos en las normas de contratación pública.

Art. 15. Patrimonio.

Para la administración y disposición de sus bienes patrimoniales, el Centro debe contar con un inventario valorado y del oportuno plan de amortizaciones, y dotarse de un sistema permanente de actualización del mismo.

Art. 16. Actividades no regladas.

- 16.1. El conjunto de actividades que revistan este carácter deberán contener para su aprobación, además de los requisitos establecidos, un documento financiero en donde consten los ingresos o bienes que como mínimo deben obtenerse con estas actividades, así como los gastos o costes máximos que para la realización de los mismos se autorizan que tendrán como límite los ingresos realmente producidos.
- 16.2. Para la distribución de los ingresos o bienes procedentes de la actividad se asignarán previamente los porcentajes tripartitos que corresponden por gastos generales del Centro, por participación del profesorado y costes de material.

Art. 17. Transferencias, subvenciones y ayudas recibidas.

- 17.1. La gestión de los créditos provenientes de transferencias o subvenciones de la UNED y demás administraciones públicas conlleva la obligación de justificar la aplicación de los fondos recibidos y certificación de haber procedido a su adecuada contabilización. Si se trata de ayudas o fondos que revisten carácter extraordinario se justificará documentalmente su aplicación para los fines para los que fueron concedidos, sin perjuicio de poder verificar materialmente su empleo por el órgano concedente, y de observar los preceptos contenidos en las Leyes General Presupuestaria y de Subvenciones.
- 17.2. Con las ayudas provenientes de otras instituciones públicas y privadas se procederá igualmente a su contabilización y se utilizarán para los fines previstos en su concesión.
- 17.3. El Centro Asociado, no podrá efectuar transferencias o subvenciones a otras entidades públicas o privadas, salvo con carácter extraordinario y aprobación expresa de la Junta Rectora. Deberá limitar las subvenciones a las previstas para las personas físicas, y siempre en concepto de ayudas al estudio o actividades directamente vinculadas con el mismo.

CAPÍTULO IV. GASTOS DE PERSONAL.

Art. 18. Retribuciones del Personal.

- 18.1. Las retribuciones del personal vinculado al Centro estarán sujetas a la legislación laboral general y a las normas estatutarias y específicas que les sean de aplicación. En todo caso, los créditos destinados a este fin se consignarán en el capítulo I del presupuesto y quedaran sujetos, para su disposición, a las normas que son de aplicación a este capítulo.
- 18.2. Las retribuciones, de acuerdo con las normas, serán establecidas por la Junta Rectora, previa propuesta razonada del Director del Centro. Con carácter extraordinario se podrán asignar retribuciones especiales vinculadas a la consecución de objetivos o tareas fijadas previamente.
- 18.3. Al presupuesto anual se acompañará para su aprobación conjunta por la Junta Rectora una relación que contenga todos los puestos de trabajo del Centro, con inclusión de los que tengan carácter directivo, y se expresará, además:
- el coste individualizado de los mismos, distinguiendo las retribuciones básicas de aquellas otras que tengan carácter complementario o específico.
 - la denominación y características esenciales de los puestos
 - los requisitos exigidos para el acceso a los mismos y posterior desempeño.
- 18.4. La creación o supresión de puestos de trabajo se realizará a propuesta del Director, mediante acuerdo de la Junta Rectora.

Art. 19. Indemnizaciones por razón del servicio.

Cuando por razones justificadas de servicio se ordene una comisión por el Director del Centro, el comisionado tendrá derecho a percibir, además de las dietas, los gastos de alojamiento y transporte en que haya incurrido, presentando a la administración del Centro, en su caso, los documentos justificativos que acrediten haber realizado la encomienda o actividad fijada en la comisión.



La cuantía de los gastos a realizar y su justificación se efectuarán al amparo del R.D. 462/2002, de 24 de Mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio y en la Orden ministerial que fije las cuantías vigentes a percibir por cada uno de los conceptos indemnizatorios.

Art. 20. Asistencia a convocatorias.

Cuando el personal directivo, de administración, profesores tutores y los alumnos asistan a convocatorias o, eventualmente, a congresos o cursos, será, con carácter general, el órgano convocante u ordenante de la asistencia quién deberá satisfacer la correspondiente indemnización, compensación económica o ayuda sujetos a las condiciones que estén establecidas por el Vicerrectorado competente de la UNED o por el Centro.

Art. 21. Gastos de representación y protocolo.

Los créditos para estos fines deberán consignarse específicamente en el presupuesto de gastos y serán realizados por el Director del Centro y sujetos a la correspondiente justificación.

Art. 22. Convivencias, conferencias y tutorías telemáticas.

Previamente a la aprobación de las mismas deberá certificarse la existencia de crédito presupuestario suficiente y adecuado a tal fin.

Los precios con los que deben ser retribuidos aquellos profesionales que prestan estos servicios a requerimiento del Centro y con la aprobación del Director, lo serán conforme a las siguientes cuantías aprobadas en la reunión de la junta rectora de 21 de junio de 2017.

CAPÍTULO V. PRESUPUESTO ANUAL Y CIERRE DEL EJERCICIO PRESUPUESTARIO.

Art. 23. Presupuesto anual.

El proyecto de presupuesto del ejercicio se presentará por el Director del Centro para su aprobación por la Junta Rectora antes del 31 de diciembre de 2019. A este documento deberá necesariamente acompañarse la relación de puestos de trabajo con las características reseñadas en el Art. 18.3 de estas normas, además del informe de control financiero del ejercicio anterior y avance de ejecución del ejercicio corriente.

Art. 24. Liquidación de ingresos y gastos.

- 24.1. De acuerdo con la normativa general, el presupuesto se liquidará en cuanto a la recaudación de ingresos y al pago de obligaciones reconocidas a 31 de diciembre de 2019.
- 24.2. La presentación de los documentos de liquidación del ejercicio, junto con las cuentas anuales y un informe de control financiero, se presentarán a la Junta Directiva del Consorcio para su aprobación dentro de los tres meses siguientes al cierre de ejercicio y previa remisión al Vicerrectorado de Centros Asociados de la UNED.

CENTRO ASOCIADO UNED DE LUGO

Q2701015F

Lugo

Pág. 1

Estado de Gastos

Ejercicio: 2019

ORG. PROG. ECONÓMICA	CRÉDITOS INICIALES
1	CENTRO LUGO
011	<i>Deuda Pública.</i>
31009	Otros Gastos Financieros 500,00
940	Devolución de depósitos. 66.598,65
	Total Cl. por Programas 011 67.098,65
320	<i>Administración general de educación.</i>
48000	Becas 223.000,00
	Total Cl. por Programas 320 223.000,00
920	<i>Administración General.</i>
13004	Personal Laboral Centro. PAS 225.605,67
13005	Personal Directivo 90.527,73
13006	Proyectos y Programas 2.000,00
16000	Seguridad Social. 96.229,66
16200	Formación y perfeccionamiento del personal. 2.000,00
206	Arrendamientos de equipos para procesos de información. 1.300,00
21000	Reparaciones, Mantenimiento y conservación 2.000,00
213	Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje. 1.400,00
22000	Material de oficina. 4.000,00
22002	Material informático no inventariable. 1.800,00
22003	Compra Otros Aprovisionamientos. 550,00
22100	Energía eléctrica. 10.000,00
22103	Combustibles y carburantes. 6.500,00
22200	Servicios de Telecomunicaciones. 1.800,00
22301	Gasto en Transporte Biblioteca 400,00
22401	Seguro de accidentes tutores 2.000,00
22403	Seguro Accidentes Personal 294,74
22404	Seguro edificio 842,17
22601	Atenciones protocolarias y representativas. 1.500,00
22602	Publicidad y propaganda. 1.500,00
22614	Cursos de verano y de Extensión universitaria 20.000,00
22619	Otros Gastos Diversos.Gestoría 5.000,00
22700	Limpieza y aseo. 17.400,00

CENTRO ASOCIADO UNED DE LUGO

Q2701015F

Lugo

Pág. 2

Estado de Gastos

Ejercicio: 2019

ORG. PROG. ECONÓMICA	CRÉDITOS INICIALES
22701 Seguridad.	781,92
22706 Estudios y trabajos técnicos. Profesionales indep	19.000,00
22799 Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales.	1.000,00
23010 Dietas del personal directivo.	250,00
23020 Dietas del personal no directivo.	250,00
23110 Locomoción del personal directivo.	500,00
23120 Locomoción del personal no directivo.	500,00
62500 Mobiliario.	5.000,00
62600 Equipos para procesos de información.	7.218,48
63900 Libros biblioteca	9.500,00
Total Cl. por Programas 920	538.650,37
Total Orgánica 1	828.749,02
2 AULA VIVEIRO	
320 <i>Administración general de educación.</i>	
48000 Becas	17.528,70
Total Cl. por Programas 320	17.528,70
920 <i>Administración General.</i>	
22000 Material de oficina.	200,00
63900 Libros biblioteca	300,00
Total Cl. por Programas 920	500,00
Total Orgánica 2	18.028,70
3 AULA MONFORTE	
320 <i>Administración general de educación.</i>	
48000 Becas	19.938,82
Total Cl. por Programas 320	19.938,82
920 <i>Administración General.</i>	
13014 Personal Laboral Monforte	26.708,42
16001 Cuotas sociales Aulas	8.252,76
22000 Material de oficina.	50,00

CENTRO ASOCIADO UNED DE LUGO

Q2701015F

Lugo

Pág. 3

Estado de Gastos

Ejercicio: 2019

ORG. PROG. ECONÓMICA		CRÉDITOS INICIALES
63900	Libros biblioteca	50,00
Total Cl. por Programas 920		35.061,18
Total Orgánica 3		55.000,00
<hr/>		
4	AULA FOZ	
<hr/>		
320	<i>Administración general de educación.</i>	
48000	Becas	31.124,10
Total Cl. por Programas 320		31.124,10
<hr/>		
920	<i>Administración General.</i>	
22000	Material de oficina.	150,00
63900	Libros biblioteca	250,00
Total Cl. por Programas 920		400,00
Total Orgánica 4		31.524,10
<hr/>		
TOTAL PRESUPUESTO:		933.301,82

CENTRO ASOCIADO UNED DE LUGO

Q2701015F

Lugo

Pág. 1

Estado de Ingresos

Ejercicio: 2019

ORG. ECONÓMICA PREVISIONES INICIALES

1	Centro Asociado Lugo	
	34200 Precios Públicos	30.000,00
	36000 Venta de Bienes y Material didáctico	0,00
	39000 Otros ingresos.	200,00
	40002 Sede Central Ordinaria	204.839,00
	40003 Sede Central Extraordinaria	15.000,00
	45012 De la Comunidad Autónoma Consellería de Educación	48.308,76
	46100 Diputación de Lugo	315.401,26
	46201 Ayuntamiento Lugo	215.000,00
	46202 Ayuntamiento Monforte	55.000,00
	46203 Ayuntamiento Viveiro	18.028,70
	46204 Ayuntamiento Foz	31.524,10
	87003 Remanente de Tesorería	0,00
	Total Orgánica 1	933.301,82

TOTAL PREVISIONES INICIALES:	933.301,82
-------------------------------------	-------------------